



DATOS IDENTIFICATIVOS

Didáctica da lingua e literatura: Español

Materia	Didáctica da lingua e literatura: Español			
Código	005G120V01506			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Paz Gonzalez, Maria Angeles			
Profesorado	Paz Gonzalez, Maria Angeles			
Correo-e	apaz@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia proporcionará ao futuro docente coñecementos científicos necesarios para favorecer o desenvolvemento das habilidades lingüísticas do alumno de E. Primaria. Terá dominio para empregar técnicas didácticas adecuadas, capacidade para seleccionar recursos e estratexias de intervención didáctica, criterios para analizar os diversos materiais e referentes para avaliar o progreso nas diferentes habilidades comunicativas.			

Competencias de titulación

Código			
A1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos		
A2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.		
A3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar		
A8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas		
A10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovelas entre os estudantes		
A11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural		
B1	Capacidade de análise e síntese		
B2	Capacidade de organización e planificación		
B3	Comunicación oral e escrita		
B5	Coñecemento de informática		
B6	Capacidade de xestión da información		
B9	Traballo en equipo		
B13	Razoamento crítico		
B16	Adaptación a novas situacións		
B17	Creatividade		

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
1. Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.	A1	B1
2. Coñecer o currículo escolar da lingua española e a súa literatura.	A1	B1

3.Adquirir coñecementos en torno aos procedementos de ensino/aprendizaxe da lingua española como medio de comunicación.	A1 A10	B1 B2 B3
4.Saber aplicar estratexias didácticas para mellorar o proceso de desenvolvemento das habilidades lingüísticas de expresión e comprensión oral.	A1 A3 A8 A11	B1 B2 B3 B6 B9 B16 B17
5.Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino.	A2 A10 A11	B1 B2 B3 B5 B17
6. Desenvolver estratexias didácticas para a comprensión do texto escrito e promover a creatividade.	A2 A10 A11	B1 B2 B3 B5 B17
7.Coñecer e utilizar estratexias e recursos para fomentar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.	A2 A3 A10 A11	B2 B3 B5 B13 B17
8.Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias nos estudantes.	A1 A2 A3 A10 A11	B2 B3 B5 B17

Contidos

Tema	
1.PRONUNCIACIÓN E ORTOGRAFÍA.	1.Pronunciación e ortografía.Obxectivos.Importancia da pronunciación. Procesos e recursos didácticos. Importancia do dominio ortográfico.Materiais, recursos e actividades.Textos de aplicación.
2.COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL.	2.Comprensión e expresión oral.Metodoloxía da comprensión.Actividades. Didáctica da expresión oral. Obxectivos.Recursos e técnicas para o desenvolvemento da expresión oral.Actividades.
3.DIDÁCTICA DO VOCABULARIO.	3.Didáctica do vocabulario. Vocabulario activo e pasivo.Estratexias para desenvolver o vocabulario. O manexo do dicionario. Actividades.
4.ENSINO DA GRAMÁTICA.	4.Ensino da gramática.Metodoloxía.Actividades. e recursos didácticos. Desenvolvemento de experiencias educativas.Textos de aplicación.
5.A LECTURA.	5. A lectura. A lectura comprensiva. Idades lectoras. Animación á lectura.Obxectivos. Estratexias de motivación previas á lectura.Estratexias de profundización finalizada a lectura. Actividades. Desenvolvemento de experiencias educativas.
6.EXPRESIÓN ESCRITA.	6.A expresión escrita. A lectura e a expresión escrita. Obxectivos. Formas de expresión escrita. Proceso didáctico da composición. Actividades para a expresión escrita.Técnicas didácticas.Propostas de redacción. Talleres de escritura.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	18	22	40
Presentacións/exposicións	20	45	65
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	12	30	42
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Traballos de aula	Os estudantes desenvolverán propostas didácticas e experiencias educativas baixo as directrices e supervisión da profesora. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas dos estudantes.
Presentacións/exposicións	Elaboración, presentación e exposición oral na aula de dous traballos prácticos , con apoio de material, en grupo, sobre un tema ou parte dun tema en que se avaliará a aplicación didáctica e a creatividade.
Actividades introdutorias	Esta sesión servirá para presentar a materia aos estudantes.
Sesión maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos da materia , bases teóricas e/ou directrices dun traballo, actividade ou proposta educativa a desenvolver polos estudantes.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Os estudantes disporán de atención personalizada tanto nas horas de titoría como nas horas de traballo na aula.
Traballos de aula	Os estudantes disporán de atención personalizada tanto nas horas de titoría como nas horas de traballo na aula.
Presentacións/exposicións	Os estudantes disporán de atención personalizada tanto nas horas de titoría como nas horas de traballo na aula.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	A participación activa e implicación nos traballos de aula serán obxecto de avaliación continua.	10
Presentacións/exposicións	Valorarase o interese e a participación, a aplicación didáctica, a creatividade e a expresión oral: corrección e fluidez.	40
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Probas sobre contidos da materia. Ademais de comprobar o nivel de coñecementos avaliarase a competencia do estudante: -Para elaborar un discurso persoal coherente e correcto. -Para establecer relacións entre os conceptos, entre os núcleos temáticos, entre as reflexións teóricas, as aplicacións prácticas, etc. Para demostrar a capacidade de lectura comprensiva (interpretativa e crítica) sobre o que se pregunta. -Para demostrar o dominio de expresión escrita (estruturas sintácticas, precisión léxica, corrección ortográfica, etc.)	50

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia será requisito imprescindible aprobar (cinco puntos sobre dez) tanto o exame teórico como as presentacións/exposicións dos traballos , en grupo, con material de apoio, sobre un tema ou parte dun tema.

As competencias non adquiridas serán de novo avaliadas no mes de Xullo.

Aqueles estudantes que, por causa xustificada, NON poidan ASISTIR regularmente serán avaliados:

-Proba de resposta longa/de desenvolvemento: 50%

-Dous traballos prácticos por escrito, con material de apoio, sobre un tema ou parte dun tema: 50%

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica

CAMPS, A. y otros, La enseñanza de la ortografía, Barcelona, Graó, 1993.

CASSANY, D. y otros, Enseñar lengua, Barcelona, Graó, 1997.

GASOL, A. y ARÁNEGA, M. Descubrir el placer de la lectura, Barcelona, Edebé, 2000.

MENDOZA FILLOLA, A. Didáctica de la Lengua y la Literatura para Primaria, Madrid, Pearson, 2000.

Bibliografía complementaria

ALLER MARTÍNEZ, C. y otros, Estrategias lectoras, Alcoy, Marfil, 1991.

BADÍA ARMENGOL, D. Juegos de expresión oral y escrita, Barcelona, Graó, 2009.

BARBERÁ,V. Didáctica de la ortografía, Barcelona, CEAC, 2001.

BOFARULL,M.T. y otros, Comprensión lectora, Barcelona, Graó, 2001.

CALERO, M. y otros, Comprensión y evaluación lectoras en Educación Primaria, Madrid, Praxis, 1999.

CERRILLO,P. y GARCÍA PADRINO,J. Hábitos lectores y animación a la lectura,Universidad de Castilla-La Mancha, 1996.

CERVERA,J. La creación literaria para niños,Madrid, Mensajero, 1997.

COLOMER,T. Introducción a la literatura infantil y juvenil, Madrid, Síntesis, 1999.

JACQUET,J. y CASULLERAS,S. 40 juegos para practicar la Lengua Española, Barcelona, Graó, 2004.

JEAN,G. La poesía en la escuela, Madrid, Ediciones de la Torre,1996.

LOMAS,C. Cómo enseñar a hacer cosas con las palabras, Barcelona, Paidós, 1999.

LÓPEZ VALERO,A. y ENCABO,E. Introducción a la didáctica de la lengua y la literatura, Barcelona, Octaedro, 2002.

MARINA,J.A. y DE LA VÁLGOMA,M. La magia de leer, Barcelona,Plaza-Janés, 2005.

MATA,J. 10 Ideas clave . Animación a la lectura.Barcelona, Graó, 2008.

OTERO,M.J. Jugamos a leer, Madrid, CCS, 1999.

QUINTANAL,J. Actividades lectoras en la escuela infantil y primaria, Madrid, CCS,1999.

RODARI,G. Gramática de la fantasía, Madrid,Aliorna, 1989.

SÁNCHEZ MIGUEL,E. y otros, La lectura en el aula, Barcelona, Graó, 2010.

SARTO,M. Animación a la lectura con nuevas estrategias, Madrid, SM, 2000.

SEGADAS, F. y otros, Leer es fácil, Madrid, CEPE, 2003.

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase asistencia continua ás sesións de teoría e prácticas. A asistencia considérase fundamentalmente para o seguimento da materia por parte do alumnado e para a avaliación, por parte da profesora, do grao de desenvolvemento das capacidades instrumentais e procedimentais.
